

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión ordinaria do 1 de febreiro de 2013**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego

**Invitado:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día un de febreiro de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Álvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(44).- ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIA E EXTRAORDINARIAS DO 28/12/12.**

Apróbanse as actas das sesións ordinaria e extraordinarias (2) do 28-12-12. Deberán incorporarse ao libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. alcalde-presidente.

.

**2(45).- SERVIZO DE AXUDA DO FOGAR. EXPTE. 1264/14**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe da área de Benestar Social do 23-01-13,, conformado pola concelleira-delegada de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D<sup>a</sup> Dorinda Domínguez Senra. Expte. 1264/14.

### **3(46).- PLAN DE OCUPACIÓN, INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DOS SERVICIOS DE TEMPORADA, KIOSCOS, NAS PRAIAS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO PARA O ANO 2013. EXPTE. 9178/306.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta de data 29-01-13, do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, conformado pola concelleira-delegada de área e máis pola concelleira-delegada de Patrimonio que di o seguinte:

#### **"I.- Antecedentes**

1.- A concelleira delegada de Medio Ambiente, Igualdade e Xuventude, en data do 11 de xaneiro de 2013, iniciou expediente administrativo para a aprobación do plan de ocupación e explotación dos servizos de tempada nas praias do termo municipal de Vigo para este ano 2013, e posterior licitación para a adxudicación das autorizacións municipais de instalación e explotación por terceiros na forma legalmente prevista.

2.- O Servizo Provincial de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, remitiu en data do 22 de xaneiro de 2013, documentación sobre os criterios a ter en conta na elaboración e explotación dos servizos de tempada (doc. 130009409).

3.- A pedimento e coas indicacións do Servizo de Medio Ambiente, os arquitectos municipais da Xerencia de Urbanismo elaboraron documentación técnica para estas instalacións:

- Condicións urbanísticas dos emprazamentos propostos.
- Memoria descritiva das instalacións.
- Certificación de distancias entre quioscos.
- Fotografías emprazamentos.
- Planos de emprazamento dos quioscos con zonificación PXOM.
- Planos de emprazamento dos quioscos no que se representa a liña de deslinde do dominio público marítimo terrestre.

4.- O arquitecto municipal do servizo de Patrimonio: Inventario, en data do 28 de xaneiro de 2013, informou sobre a titularidade dos terreos onde se emprazan os quioscos.

5.- O Inspector municipal de Medio Ambiente emitiu informe sobre a retirada dos quioscos na tempada estival de 2012.

#### **II.- Fundamentos de dereito:**

O artigo 51 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas establece a necesidade de autorización administrativa para ocupar o dominio público marítimo terrestre con instalacións desmontables ou con bens mobles.

O artigo 26 da citada Lei establece a obriga de obter autorización administrativas para as instalacións que se sitúen en zonas de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre.

O artigo 115.c) da citada Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas sinala entre as competencias municipais *“explotar, no seu caso, os servizos de tempada que poidan establecerse nas praias por calquera das formas de xestión directa ou indirecta previstas na lexislación de réxime local”*.

O artigo 53 da citada norma indica, tamén:

*“1.- As autorizacións cuxo obxecto sexa a explotación de servizos de tempada nas praias, que solo requiran instalacións desmontables, serán outorgadas aos Concello que o soliciten, na forma que se determine regulamentariamente e con subxección ás condicións que se establezan.*

*2.- No caso de que os Concellos opten por explotar os servizos de tempada a través de terceiro, aqueles garantirán que nos correspondentes procedementos de outorgamentos se respeten os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva.*

*2. En ningún caso o outorgamento destas autorizacións poderá desnaturalizar o principio de uso público das praias.”*

O artigo 111 do Real Decreto 1471/1989, de 1 de decembre, polo que se aproba o Regulamento xeral para o desenvolvemento e execución da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas, desenvolve o citado precepto e establece o procedemento previsto para que o concello poida solicitar e obter as correspondente autorizacións daqueles servizos de tempada que se instalen nas praias, zona de dominio público marítimo terrestre.

En cumprimento do citado precepto, o Servizo Provincial de Costas de Pontevedra requiriu ao Concello de Vigo para que remitise a esa delegación o plan de ocupación e explotación dos servizos nas praias do termo municipal de Vigo antes do 30 de marzo de 2013.

Tamén, O Decreto 158/2005, de 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, regula no seu artigo 2º.2.i) o requisitos para autorizar as instalacións ao servizo das praias desmontables que se sitúen en zona de servidume do dominio público marítimo terrestre, tendo emitido no ano 2011 documento informativo sobre estas autorizacións.

Neste sentido, o Concello de Vigo ben aprobando anualmente o plan de ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada: quioscos nas praias do termo municipal de Vigo, que comprende aquelas instalacións desmontables situadas en terreos de dominio público marítimo terrestre e aquelas outras situadas en terreos municipais en zona de servidume de protección ou de tránsito deste dominio. O prazo destas ocupacións estímase o máximo establecido como xeral do 1 de xuño ata o 30 de setembro de 2013.

As ditas instalacións de tempada: quioscos considéranse precisas nos areas polos servizos que prestan aos usuarios, no so polos subministracións de bebidas, xelados... senón tamén por dispor, encargarse da limpeza, de baños públicos e gratuítos para os usuarios como ben esixíndolles este Concello.

Elabórouse unha proposta de ocupación de acordo coa seguinte distribución:

DESCRIPCIÓN	EMPRAZAMENTO	ZONIFICACIÓN, LEI DE COSTAS	OCUPACIÓN EN M2
QUIOSCO 1	Areal da Punta. A Guía	Propiedade municipal, Zona de servidume de tránsito	20
QUIOSCO 2	Areal de Santa Baia, Alcabre	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20
QUIOSCO 3	Areal do Tombo do Gato	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20
QUIOSCO 4	Areal do Tombo do Gato	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20
QUIOSCO 5	Areal de Argazada	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20
QUIOSCO 6	Areal de Samil	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20
QUIOSCO 7	Areal de Samil	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20
QUIOSCO 8	Areal de Samil	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20
QUIOSCO 9	Areal do Vao	Dominio público Marítimo terrestre	20
QUIOSCO 10	Areal do Vao	Dominio público Marítimo terrestre	20
QUIOSCO 11	Areal da Etea	Dominio público Marítimo terrestre	20

Tódolos quioscos (11) aparecen sinalados nos Planos que se achegan no expediente.

A documentación e informes técnicos emitidos polos arquitectos municipais en xaneiro de 2013 e obrantes no expediente, indican a súa conformidade co planeamento urbanísticos, adecuación á normativa de accesibilidade e a observancia, en tódolos casos, das prescricións de distancias e medidas, especificadas polo Servizo Provincial de Costas

do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e o Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia, en cumprimento da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas, Real Decreto 1471/1989, de 1 de decembre, Decreto 158/2005, de 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre.

A ocupación, instalación e explotación dos servizos tempada, quioscos, deste plan de praias, realizarase por terceiros particulares. Unha vez obtidas as autorizacións sectoriais antes citadas, o Concello procederá a redacción dos pregos que rexeran o procedemento de licitación garantindo os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva, para a adxudicación das autorizacións de conformidade co previsto nos artigos 53 da Lei 22/1988, de 28 de xullo de costas, 111 do Real Decreto 1471/1989, de 1 de decembre, Decreto 158/2005, 86 e 91 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, del Patrimonio das Administracións Públicas e concordante normativa de aplicación.

No Prego de Prescricións Técnicas de adxudicación da autorización destas instalacións especificarase para cada un dos quioscos a obriga de contar con servizos hixiénicos públicos, así como o seu mantemento. Determinaranse, tamén, nese Prego as instalacións que deberán adaptarse para minusválidos.

A vista do anteriormente exposto, ao abeiro das atribucións de competencias que establece o artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local en relación coa Disposición adicional segunda, apartado 3, do Rdl 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

#### **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aproba-lo Plan de Ocupación, Instalación e Explotación de Servizos nas Praias do término municipal de Vigo para o ano 2013 tal e como se recolle na parte expositiva deste informe.

**SEGUNDO.-** Remitir antes do día 30 de marzo de 2012 este Plan de Ocupación e Explotación ao Servizo Provincial de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa documentación e informes técnicos citadas e obrantes no expediente, para a autorización da instalación dos quioscos de tempada que se emprazan en terreos de dominio público marítimo terrestre ou servidume de tránsito (Quioscos nºs. 1, 9, 10 e 11) .

**TERCEIRO.-** Remitir á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras (Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo) este plan de ocupación, instalación e explotación, coa documentación e informes técnicos citadas e obrantes no expediente, antes do día 30 de marzo de 2013, para que autorice a instalación dos quioscos de temporada a instalar na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestres (Quioscos nºs. 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8).

CUARTO.- O concello de Vigo obrígase a esixir do terceiros que resulten adxudicatarios das autorizacións a constitución da correspondente garantía para responder dos gastos de levantamento das instalacións e xustificará esta circunstancia ante o Servizo Provincial de Costas de Pontevedra.

QUINTO.- O concello garantirá que no procedemento de outorgamento das autorizacións de ocupación, instalación e explotación dos quioscos por terceiros se respectaran os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva.

SEXTO.- Unha vez obtidas as autorizacións sectoriais citadas, proceder ao outorgamento das autorizacións de ocupación, instalación e explotación a terceiros conforme ao procedemento legalmente previsto respectando os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva.”

Acordo:

A xunta de Goberno Local acorda aprobar a anterior proposta de data 29-09-13, do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo.

**4(47).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZACIÓN DO II TRAIL VIVE-BEMBRIVE 2013. EXPTE. 11503/333,**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do 18-01-13, do director deportivo do IMD, conformado polo concelleiro-delegado de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar á S.C.D.R. Helios Bembrive, ten previsto organizar o vindeiro 10 de febreiro de 2013, a proba deportiva **II TRAIL VIVE-BEMBRIVE 2013**, a celebrar en camiños rurais e zonas de monte na parroquia de Bembrive, en horario de 10 a 13.30 horas.

**5(48).- SOLICITUDE PARA PROMOVER ANTE A CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR, A CUALIFICACIÓN COMO INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO DO PROXECTO EMPRESARIAL DENOMINADO “IMENER GALICIA-SUR”. EXPTE. 9461/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do 28-01-13, do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, conformado polo concelleiro-delegado de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Promover ante a Consellería de Traballo e Benestar, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado **“IMENER GALICIA-SUR”**

promovido por Juan Manuel Rebolo López, sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- Apoio polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo coa elaboración e estudo, por parte dunha técnica do servizo, dun informe económico de viabilidade do proxecto xunto co seu asesoramento na solicitude e información e asesoramento sobre axudas municipais vixentes.
- Cooperación e apoio cara a axilizar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en funcionamento.
- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.
- Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte. (ditas bases aprobáronse na comisión de goberno de data 18 de decembro do 2000, sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2011)

#### **6(49).- NOMEAMENTO REPRESENTANTES MUNICIPAIS NOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO 2013. EXPTE 332/14645.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 16-01-13, do técnico do servizo de Educación, conformado pola concelleira-delegada de área; visto así mesmo o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 21-01-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Nomear representantes municipais nos consellos escolares de centro das escolas e colexios públicos de Vigo, as persoas que de seguido se relacionan, con vixencia dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2013.

##### ZONA 1.

PEDRO M<sup>a</sup> VÁZQUEZ IGLESIAS (NIF 11.904.805-M) Pertence ao Grupo A2

1. CEIP Emilia Pardo Bazán.
2. CPI Celso Emilio Ferreiro.
3. EEI Cristo da Victoria.
4. CEIP Illas Cíes
5. CEIP Escultor Acuña.
6. CEIP Seis do Nadal.
7. CEIP Pintor Laxeiro.

##### ZONA 2.

MARÍA LUISA OTERO VÁZQUEZ (NIF 36.000.484-X) Pertence ao Grupo C1

1. CEIP Josefa Alonso.
2. CEIP Otero Pedraio.
3. CEIP Ría de Vigo.

- 4.CEIP Igrexa-Valadares.
- 5.CEIP Sobreira-Valadares.
- 6.EEI Monte do Alba.
- 7.EEI Zamáns.
- 8.CEIP García Barbón.
- 9.CEIP Balaidos.

#### ZONA 3.

ROSA MARÍA TORRES BOUZAS (NIF 36.019.300-N) Pertence ao Grupo C1

1. Escola Infantil Municipal Sta. Cristina.
2. Escola Infantil Municipal Atalaia.
3. Escola Infantil Municipal Sta. Marta.
4. Escola Infantil Municipal Costeira.
5. Escola Infantil Municipal Tomás Alonso.
6. Escola Infantil Municipal Bouzas
7. CEP Doutor Fléming.
8. EEI Villalaura.
9. EEI Monte da Guia.
10. EEI Palencia.
11. EEI Valadares.

#### ZONA 4.

IGNACIO OJEA PÉREZ (NIF 36.046.809-J) Pertence ao Grupo A1

- 1.CEIP Candeán Igrexa.
- 2.CEIP Candeán Fonteescura.
- 3.CEIP Alcabre- Javier Sensat.
- 4.CEIP Bouzas Virxe do Rocío.
- 5.CEIP Navia A. R. Castelao.
- 6.CEIP Comesaña-Párroco Don Camilo.
- 7.CEIP Mosteiro-Bembrive.
- 8.CEIP Chans-Bembrive.
- 9.CEIP A Doblada.

#### ZONA 5

1. BEATRIZ ALONSO ASENJO (NIF: 35.991.455-C) Pertenece ao Grupo A2

2. CEIP Frián- Teis
3. CEIP Paraixal
4. CEIP San Salvador (Teis)
5. CEIP Vicente Risco
6. CEIP Altamar
7. CEIP Canicouva- Pereiró
8. CEIP Mestres Goldar
9. CEIP Lope de Vega.

#### ZONA 6

FELIPE CODESIDO RODRIGUEZ (NIF: 36.081.823-K) Pertenece ao grupo C1

1. CEIP Santa Mariña (Cabral)
2. CEIP Sello
3. CEIP Carballal (Cabral)
4. CEE Saladino Cortizo
5. CEIP Carrasqueira-Coruxo
6. CEIP A Paz-Tintureira
7. CEIP Coutada-Beade



8. CEIP Sárdoma Moledo

ZONA 7

ROCÍO BRUZON ALCAÑIZ (NIF: 36.058.643-W) Pertenece a grupo C1

1. E.E.I Hernán Cortés
2. E.E.I Carmen Xiráldez
3. CEP Santa Tegra
4. CEIP Valle Inclán
5. CEIP Ramón y Cajal
6. CEIP O Pombal
7. CEIP Eduardo Pondal

Segundo.- Aprobar a aplicación para este concepto da dieta de 39,78.-€, establecida na actualidade para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos A e B e da dieta de 36,72.-€, establecida na actualidade para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos C e D, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo.

A previsión do gasto anual polo concepto "Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros Públicos de Vigo" é de 12.000.-€, con cargo á partida 3210.233.00.00 do presuposto de 2013.

Terceiro.- Establecer a perda da condición de representante municipal para quen non xustifique, antes da súa realización, a súa ausencia á reunión do consello escolar de centro ou á de coordinación do Servizo de Educación que, a fin de estudar a situación xeral, se convocará, cando menos, mensualmente.

**7(50).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN POR PARTE DE GAS GALICIA SDG, S.A. PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO "AMPLIACIÓN DAS REDES DE DISTRIBUCIÓN DE GAS EN REDONDELA ANO 2012". EXPTE. 1745/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 22 de xaneiro de 2013, do xefe de Área de Fomento, conformado polo concelleiro-delegadode área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar á empresa Gas Galicia SDG, S.A., con cargo aos seus orzamentos, a realización do proxecto "Ampliación das redes de distribución de gas en Redondela ano 2012", de acordo coas seguintes condicións:

- O colector deberá instalarse paralelo ao canal e a unha distancia de seguridade que impida calquera dano sobre o mesmo e permita ademais, realizar traballos de reparación e mantemento sen que estes poidan afectar a condución de gas.
- Se fose necesario realizar cruces sobre a xeratriz exterior do Canal estes, executáranse a unha distancia de seguridade mínima de 0,40 m. e co tubo

enteiro, sen empalmes nin conexións, evitando en todo momento, que a maquinaria pesada traballe sobre o canal. En ningún caso, a tubería poderá cruzar a sección útil do Canal.

- Notificarase, con polo menos unha semana de antelación tanto a esta Concellería de Fomento como á empresa adxudicataria do Servizo Municipal de Abastecemento e Saneamento de Vigo "Aqualia" a data de inicio dos traballos.
- Deberán nomear un Director de Obra con titulación Enxeñeiro de Camiños ou Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, e un coordinador de Seguridade e Saúde Laboral, os cales atenderán en todo momento as instrucións ou criterios construtivos dados polos Técnicos Municipais durante a execución das obras.
- Os danos producidos no canal de conducción, e elementos construtivos da traza, serán responsabilidade do solicitante e deberán ser reparados por este e ao seu cargo.
- Previa posta en servizo da canalización deberán realizar as probas pertinentes de estanquidade sobre a tubería instalada, entregando os resultados a este Concello.

**8(51).- APROBACIÓN DO PROXECTO “OBRAS DE REPARACIÓN E MANTEMENTO DO CONTORNO CA IGREXA DE ZAMÁNS. EXPTE. 2277/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do 22-01-13, do xefe da área de Fomento, conformado polo concelleiro-delegado de área, visto o informe da Intervención Xeral Municipal do 25-01-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o proxecto redactado redactado polas, ENXEÑEIRAS DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, Dna. REBECA FERREIRO NÚÑEZ e Dna. MARÍA FERREIRO NÚÑEZ, para a “OBRAS DE REPARACIÓN E MANTEMENTO DO CONTORNO DA IGREXA DE ZAMÁNS”, cun orzamento base de licitación de DOUSCENTOS SESENTA E NOVE MIL SETECENTOS SETENTA E NOVE EUROS CON VINTE E CATRO CÉNTIMOS (269.779,24 Euros) e un prazo de execución de 3 (tres) meses.

**9(52).- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE FIANZA: DON JOSÉ CARLOS GÓMEZ GÓMEZ EXPTE. 84466/210**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 17-01-13, da xefa de Transportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución da fianza en metálico achegada en data 04/06/12 por don JOSE CARLOS GOMEZ GOMEZ DNI 36050215 S , por un importe de 2000 € para responder dos posibles danos con motivo da celebración dunha sardiñada veciñal da AAVV Agarimo San Xoan Poulo en data 23/06/2012, xa que non houbo danos nos espazos solicitados.

**10(53).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTES AO MES DE DECEMBRO DE 2012. EXPTE.23811/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 10-01-13, do técnico de Planificación e Organización, conformado pola xefa do servizo de RR HH e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal; visto así mesmo o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 22-01-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	APELIDOS E NOME	TOTAL FESTIVAS	TOTAL NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Decembro	De Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo	808,02	157,76	965,78
Policía Local	Decembro	De Abalde Casanova, Jesús I. a Vivero Mijares, Juan Guillermo	55.437,33	25.999,34	81.436,67
Parque Móbil	Decembro	De Amoedo Moreira, José L. a Troncoso Martínez, Avelino	830,13	631,72	1.461,85
Extinción Incendios	Decembro	De Aguirre Rodríguez, Manuel a Villar Comesaña, José A.	3.750,66	788,80	4.539,46
Cemiterios	Decembro	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	3.526,55	0,00	3.526,55
Montes, Parques e Xardíns	Decembro	De Casas Iglesias, Alfonso a Pérez Da Silva, Eduardo A.	522,60	0,00	522,60
Limpeza	Decembro	De Hermida Sanmartín, Juan J.	104,52	155,04	259,56
Desinfección	Decembro	De Pardellas Aviión, A. Avelino a Seijas Álvarez, José Ramón	96,48	87,04	183,52
Museo	Decembro	De Ogando López, José M. a González Bello, Andrés	378,89	0,00	378,89
Medio Am-	M-X-A	De Álvarez Díaz, Roberto	112,56	0,00	112,56

biente					
IMD	Novembro	De Alves Cerqueira, Antonio	116,58	14,28	130,86
<b>TOTAIS</b>			<b>65.684,31</b>	<b>27.833,98</b>	<b>93.518,29</b>

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 93.518,29 €, con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.

**11(54).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO 2012. EXPTE. 23807/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 10-01-13, do técnico de Planificación e Organización, conformado pola xefa do servizo de RR HH e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal; visto así mesmo o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 22-01-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega e que comezan por don José Luís Hermida Rodríguez e remata por don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de Decembro-2012, e que ascenden a un total de 649'46 € (seiscentos corenta e nove euros con corenta e seis céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións.

**12(55).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR XORNADA PARTIDA CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DE 2012. EXPTE. 23806/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 10-01-13, do técnico de Planificación e Organización, conformado pola xefa do servizo de RR HH e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal; visto así mesmo o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 22-01-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega e que comeza por don Jesús Alfonso Paz e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondente ao mes de Decembro de 2012, e que ascenden a un total de

1.055'60 € (mil cincuenta e cinco euros con sesenta céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUTIVIDADE.

**13(56).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO 2012. EXPTE. 23805/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 10-01-13, do técnico de Planificación e Organización, conformado pola xefa do servizo de RR HH e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal; visto así mesmo o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 22-01-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura na relación que se achega e que comezan por Don José Ramón Seijas Álvarez e rematan por Don Alberto Seijas Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Decembro-2012 e que ascenden a un total 402,54 € (catrocentos dous euros con cincuenta e catro céntimos), con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUTIVIDADE.

**14(57).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR CONDUCIR MAQUINARIA PESADA DO PERSOAL DO SERVIZO DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE-2012. EXPTE. 23804/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 10-01-13, do técnico de Planificación e Organización, conformado pola xefa do servizo de RR HH e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal; visto así mesmo o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 22-01-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal do Parque Móbil, por manexar maquinaria pesada, correspondente ao 4º TRIMESTRE-2012, aboarase ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Angel Alonso González remata por don Alfonso Puente Veiga, e que ascenden a un total de 2.370'22 € (dous mil trescentos setenta euros con vinte e dous céntimos) con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

**15(58).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL, SOBRE ENCOMENDA DE FUNCÍONS Á FUNCIONARIA D<sup>a</sup> ROSA SANCECILIO VIÉITEZ. EXPTE. 23834/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da resolución de data 31 de decembro de 2012, do concelleiro-delegado de Xestión Municipal que di o seguinte:

**“Primeiro.-** *Acumular ó posto de Administrativo de Secretaría Xeral, provisto pola funcionaria Rosa Sancecilio Viéitez, o posto de Xefe de Negociado de Xunta de Goberno Local, provisto pola funcionaria Mercedes Eiras Fernández, dende a data do 1 de xaneiro e ata a reincorporación da titular, deixando sen efecto a encomenda realiada por Resolución do 2 de maio do ano en que andamos.*

**Segundo.-** *De conformidade co establecido nas instrución de plantilla e relación de postos de traballo o desempeño de dito posto acumulado xerará o dereito á percepción dun complemento de produtividade por importe equivalente ao do complemento de destino do posto acumulado.”*

Da anterior resolución a Xunta de Goberno Local queda informada.

**16(59).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DO CONCELEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL, DE DATA 10/01/2013, AUTORIZANDO PERMISO SEN SOLDADO AO FUNCIONARIO D. MIGUEL ANGEL PÉREZ ORGANERO. EXPTE. 23797/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da resolución de data 10 xaneiro de 2013, do concelleiro-delegado de Xestión Municipal que di o seguinte:

**“Primeiro.-** *Autorizar a D. Miguel Angel Pérez Organero, con NIF nº 36.025.847-G e nº persoal 18431, policía local deste Concello, un permiso sen soldo por asuntos persoais nos meses de febreiro, maio e outubro de 2013, de conformidade co previsto no art. 17 c) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo.*

*Durante a súa duración o interesado permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.*

**Segundo.-** *Dese conta da presente resolución ao interesado, Intendente (xefe en funcións) da Policía Local, Intervención Xeral e Servizo de Recursos Humanos (Tco. de Organización e Planificación de RR.HH., negociado de Seguridade Social e Inspector auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos.*

**Terceiro.-** *Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa.”*

A Xunta de Goberno Local queda informada da anterior resolución.

**17(60).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL DE DATA 26/12/2012, RELATIVA A CONVOCATORIA PROCESO SELECTIVO PRAZAS PERSOAL FUNCIONARIO INCLUÍDAS NA OEP 2010-2011. EXPTE. 23795/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da resolución de data 26 decembro de 2012, do concelleiro-delegado de Xestión Municipal que di o seguinte:

*“Con data 18 de decembro do 2012 no Diario Oficial de Galicia as bases xerais e específicas reitoras dos procesos selectivos derivados da execución da Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010-2011, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de setembro do 2012.*

*A planificación na xestión dos recursos humanos ao servizo do Concello de Vigo demanda priorizar a provisión das seguintes prazas: Encargado/a Obras Medioambientais (1 promoción interna), Técnico/a Mantemento Informática (1 promoción interna), Inspector/a Obras, Servizos e Infraestruturas (8 promoción interna), Inspector/a Sanidade (1 promoción interna), Inspector/a Control Concesionarias (3 promoción interna), Inspector/a Consumo (2 promoción interna), Inspector/a Medio Ambiente (3 promoción interna), Administrativo/a de Administración Xeral (12 prazas promoción interna e 1 oposición libre), Técnico de Empresas e Actividades Turísticas (1 oposición libre), Técnico de Arquivos (1 oposición libre), Técnico de Xestión (1 promoción interna), e Técnico/a Medio Servizos Económicos (1 oposición libre), nos termos do previsto nas citadas bases, toda vez que as necesidades de efectivos de novo ingreso nos ditos Servizos así o demandan.*

*Considerando que a competencia para a aprobación das ofertas de emprego público e das bases das convocatorias de selección e provisión de postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local, segundo o réxime de atribucións contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local,*

*Polo exposto, de conformidade coas competencias recollidas no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, segundo redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local e do establecido no acordo da Xunta de Goberno Local, de 17 de xuño de 2011 e nos termos do preceptuado na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos aos que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local; Decreto autonómico 95/1991, de 20 de marzo; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo –de aplicación supletoria no non previsto na anteriormente invocada norma- e normativa de concordante aplicación, sométese a consideración do Concelleiro-delegado de Xestión Municipal a seguinte*

**R E S O L U C I Ó N:**

**Primeiro.-** *Proceder á convocatoria dos procesos selectivos en execución da Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010-2011 en relación ás prazas seguintes de persoal funcionario:*

- **Encargado/a Obras Medioambientais.** Número de prazas: 1. Escala Administración Especial. Subescala Servizos Especiais. Clase Cometidos Especiais. Sistema de provisión: promoción interna.
- **Técnico/a Mantemento Informática.** Número de prazas: 1. Escala Administración Especial. Subescala Servizos Especiais. Clase Cometidos Especiais. Sistema de provisión: promoción interna.
- **Inspector/a Obras, Servizos e Infraestructuras.** Número de prazas: 8. Escala Administración Especial. Subescala Servizos Especiais. Clase Cometidos Especiais. Sistema de provisión: promoción interna.
- **Inspector/a Sanidade.** Número de prazas: 1. Escala Administración Especial. Subescala Servizos Especiais. Clase Cometidos Especiais. Sistema de provisión: promoción interna.
- **Inspector/a Control Concesionarias.** Número de prazas: 3. Escala Administración Especial. Subescala Servizos Especiais. Clase Cometidos Especiais. Sistema de provisión: promoción interna.
- **Inspector/a Consumo.** Número de prazas: 2. Escala Administración Especial. Subescala Servizos Especiais. Clase Cometidos Especiais. Sistema de provisión: promoción interna.
- **Inspector/a Medio Ambiente.** Número de prazas: 3. Escala Administración Especial. Subescala Servizos Especiais. Clase Cometidos Especiais. Sistema de provisión: promoción interna.
- **Administrativo/a de Administración Xeral.** Número de prazas: 13. Escala Administración Xeral. Subescala Administrativa. Sistema de provisión: 12 promoción interna e 1 oposición libre.
- **Técnico de Empresas e Actividades Turísticas.** Número de prazas: 1. Escala Administración Especial. Subescala técnica. Clase media. Sistema de provisión: oposición libre.
- **Técnico/a Medio de Arquivos.** Número de prazas: 1. Escala Administración Especial. Subescala Técnica. Clase media. Sistema de provisión: oposición libre.
- **Técnico/ de Xestión.** Número de prazas: 1. Escala Administración Especial. Subescala Servizos Especiais. Clase Cometidos Especiais. Sistema de provisión: promoción interna.
- **Técnico/a Medio Servizos Económicos.** Número de prazas: 1. Escala Administración Especial. Subescala Servizos Especiais. Clase Cometidos Especiais. Sistema de provisión: oposición libre.

**Segundo.-** O prazo de presentación de solicitudes para tomar parte nas ditas convocatorias será de 20 días naturais, a partir do seguinte ao da publicación de anuncio contendo extracto da presente resolución no Boletín Oficial de Estado.

Os sucesivos anuncios referentes a estas convocatorias únicamente se faran públicos no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Taboleiro de Anuncios da Corporación, xuntamente coa páxina web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org)

**Terceiro.-** Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”



A Xunta de Goberno Local queda informada da anterior resolución.

**18(61).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL, DE DATA 18/12/2013, RELATIVA A CONVOCATORIA PROCESO SELECTIVO PRAZAS LABORAIS POR PROMOCIÓN INTERNA OEP 2010-2011. EXPTE. 23793/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da resolución de data 18 decembro de 2012, do concelleiro-delegado de Xestión Municipal que di o seguinte:

*“Con data 18 de decembro do 2012, no Diario Oficial de Galicia as bases xerais e específicas reitoras dos procesos selectivos derivados da execución da Oferta de Emprego Público correspondentes aos anos 2010-2011 (primeira parte), aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de setembro de 2012.*

*A planificación na xestión dos recursos humanos ao servizo do Concello de Vigo demanda priorizar a provisión das seguintes prazas laborais, por promoción interna: capataz de vías e obras (3 prazas), capataz de xardíns (2 prazas), capataz de desinfección (1 praza), capataz instalacións culturais (1 praza), capataz electromecánicos (1 praza) e oficial instalacións municipais (23 prazas) nos termos do previsto nas citadas bases.*

*Considerando que a competencia para a aprobación das ofertas de emprego público e das bases das convocatorias de selección e provisión de postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local, segundo o réxime de atribucións contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local,*

*Polo exposto, de conformidade coas competencias recollidas no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, segundo redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local e do establecido no acordo da Xunta de Goberno Local, de 17 de xuño de 2011 e nos termos do preceptuado na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos aos que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local; Decreto autonómico 95/1991, de 20 de marzo; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo –de aplicación supletoria no non previsto na anteriormente invocada norma- e normativa de concordante aplicación, sométese a consideración do Concelleiro-delegado de Xestión Municipal a seguinte*

**R E S O L U C I Ó N:**

*“Primeiro.- Proceder á convocatoria dos procesos selectivos en execución da Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010-2011, en relación ás seguintes prazas laborais:*

- Capataz de Vías e Obras. Número de prazas 3. Sistema de provisión: promoción interna.*
- Capataz de Xardíns. Número de prazas 2. Sistema de provisión: promoción interna.*
- Capataz de Desinfección. Número de prazas: 1. Sistema de provisión: promoción interna.*
- Capataz Instalacións Culturais. Número de prazas: 1. Sistema de provisión: promoción interna.*

- *Capataz Electromecánicos. Número de prazas: 1. Sistema de provisión: promoción interna.*
- *Oficial Instalacións municipais. Número de prazas: 23. Sistema de provisión: promoción interna.*

*Segundo.- O prazo de presentación de solicitudes para tomar parte nas ditas convocatorias será de 20 días naturais, a partir do seguinte á publicación de anuncio contendo extracto da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia.*

*Os sucesivos anuncios referentes a estas convocatorias únicamente faránse públicos no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Taboleiro de Edictos da Corporación, xuntamente coa páxina web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org).*

*Terceiro.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento."*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."*

A Xunta de Goberno Local queda informada da anterior resolución.

### **19(62).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DO CONCELEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL, DE DATA 28/12/2012, SOBRE ADAPTACIÓN DE POSTO DE TRABALLO POR MOTIVO DE SAÚDE DO FUNCIONARIO D. MANUEL BUENO HEREDIA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da resolución de data 28 decembro de 2012, do concelleiro-delegado de Xestión Municipal que di o seguinte:

**"Primeiro.-** Seguir as indicacións do Servizo de Vixilancia da Saúde e, en consecuencia, proceder á adaptación do posto de traballo ao que está adscrito o funcionario de carreira D. Manuel Bueno Heredia, con DNI nº 46.514.245-B e nº persoal 13899, condutor-bombeiro do Servizo de Extinción de Incendios e, en consecuencia, adapta-lo seu posto de traballo, para o seu desempeño na Central de Comunicacións do referido Servizo, motivado pola súa declaración de non apto para o posto de condutor-bombeiro ao que estaba adscrito na actualidade.

**Segundo.-** Incluir a referida adaptación na relación de empregados que obra no Servizo de Prevención de Riscos Laborais en canto a persoal que conta con algún tipo de limitación para o seu posto de traballo.

**Terceiro.-** Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa recepción, dese traslado ao interesado, Xefatura de Extinción de Incendios, concelleiro-delegado da Área de Seguridade, Tráfico e Mobilidade e Transportes, Servizo de Recursos Hu-

manos, Planificación e Organización, así como ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

**Cuarto.-** Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

A Xunta de Goberno Local queda informada da anterior resolución.

**20(63).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL, DE DATA 17/01/2013, SOBRE AUTORIZACIÓN DE PERMISO NON RETRIBUÍDO AO FUNCIONARIO INTERINO D. BENITO RAMÍREZ ABAL. EXPTE. 23826/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da resolución de data 17 de xaneiro de 2013, do concelleiro-delegado de Xestión Municipal que di o seguinte:

*“Primeiro.- Autorizar a D. Benito Ramírez Abal, con DNI nº 44.086.242-A e nº persoal 79600, funcionario interino coa categoría de técnico medio de Arquivos, un permiso non retribuído durante o vindeiro mes de febreiro de 2013 de conformidade co previsto no art. 17.a) do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo.*

*Durante a súa duración o interesado permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos pessoais e pagas extraordinarias.*

*Segundo.- Dese conta da presente resolución ao interesado, Sr. Xefe do servizo de Cultura e Bibliotecas, Intervención Xeral e Servizo de Recursos Humanos (Técnico de Planificación e Organización, Seguridade Social e Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos.*

*Terceiro.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”*

A Xunta de Goberno Local queda informada da anterior resolución.

**21(64).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AOS MESES DE XULLO-DECEMBRO 2012. EXPTE. 23825/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 17-01-13, da xefa do servizo de RR HH, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal; visto así mesmo o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 22-01-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o gasto por un importe de **4.028,56 €**, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal no termo municipal de Vigo en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. Agustín Rodríguez Carballo e que remata en D. Luís Felipe Comesaña Arribas-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 2312000 -Gastos de Locomoción, correspondente aos períodos que se indica:

Nº Expte.	Servicio	Traballador	DNI	Nº Persoal	Mes	Importe
67894-250	Vías e Obras	Rodríguez Carballo, Agustín	35.981.050-B	77170	Novembro 2012	120,02 €
68126-250		Villar Estébez, Raimundo	36.012.815-J	11682	Decembro 2012	217,74 €
		Salgueiro Piñeiro, Benigno	36.009.349-C	10694	Decembro 2012	77,14 €
		Barciela Simón, Benito	36.008.640-R	13617	Decembro 2012	177,65 €
		Gómez Pascual, Julio	34.901.122-W	11819	Decembro 2012	134,90 €
		Oujo Gerut, Ventura	36.019.537-L	17740	Decembro 2012	197,79 €
		Matilde Viñas, Eugenio	36.000.551-P	11831	Decembro 2012	132,81 €
	O.S.P.I.O.	Ferro Mancho, Angel	36.072.730-J	79185	Decembro 2012	261,06 €
		Romero Gil-Delgado, Loreto	36.064.307-P	78929	Decembro 2012	237,31 €
		Lobato Cameselle, Ricardo	35.999.817-X	17489	Decembro 2012	263,15 €
14607/14611-444	Electromecánicos	Iglesias Álvarez, Emilio	35.989.841-Q	17271	Xullo-Novembro 2012	377,72 €
	Conserxería	Fernández Amil, Fernando	36.022.162-E	13706	Decembro 2012	241,11 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36.031.496-H	17822	Decembro 2012	242,25 €
84347-210	Mobili.Trans.e Seg	Alonso González, José Ramón	36.026.001-C	15208	Decembro 2012	129,39 €
84348-210		Roca Dafonte, José Manuel	32.429.643-B	15303	Decembro 2012	115,14 €
84349-210		Rodríguez Caramés, José M.	35.547.314-D	15355	Decembro 2012	38,00 €
84350-210		Bacelos González, José	36.023.371-N	15480	Decembro 2012	110,01 €
	Cemiterios	Rodríguez López, Adolfo	36.030.284-W	76430	Decembro 2012	66,12 €
		Pereira Fona, Juan José	36.074.823-J	76563	Xullo-Decembro 2012	21,28 €
		Márquez Losada, Manuel E.	52.500.559-T	23509	Xullo-Decembro 2012	21,28 €
6901-446	Montes, Parques e Xardíns	Argibay Barciela, Gonzalo	36.035.612-V	11765	Decembro 2012	133,19 €
80159-301	Benestar Social	Alonso Míguez, Rosa	36.007.512-T	21203	Novembro 2012	52,26 €
80140-301		Sierra Abraín, María	36.064.483-T	76438	Decembro 2012	19,54 €
9494, 9517-445	Parque Móbil	Alonso Ferragud, Santiago	35.973.972-V	16691	Novembro-Decembro 2012	401,54 €
	Educación	Alonso Asenjo, Beatriz	35.991.455-C	15651	Decembro 2012	32,30 €

Nº Expte.	Servicio	Traballador	DNI	Nº Persoal	Mes	Importe
19599, 19601/240	Patrimonio e Contratación	Comesaña Arribas, Luis Felipe		11239	Xullo e Setembro 2012	207,86 €
<b>TOTAL</b>						<b>4.028,56 €</b>

	<b>SERVIZO</b>	<b>TOTAL</b>
1550	Vías e Obras-O.S.P.I.O.	1.819,57 €
1650	Electromecánicos	377,72 €
9220	Conserxería	483,36 €
1330	Mobilidade, Seguridade e Transportes	392,54 €
1640	Cemiterios	108,68 €
1710	Montes, Parques e Xardíns	133,19 €
2310	Benestar Social	71,80 €
9222	Parque Móbil	401,54 €
3210	Educación	32,30 €
9220	Patrimonio e Contratación	207,86 €
	<b>TOTAL</b>	<b>4.028,56 €</b>

**22(65).- PEZA SEPARADA DO PREZO XUSTO DA PARCELA 347 A-B-C DO PROXECTO EXPROPIATORIO PARA A AMPLIACIÓN DA CIDADE UNIVERSITARIA DE VIGO, 1ª FASE. EXPTE. 413/138.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistas as propostas do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, sesións ordinarias do 11 e 25 de xaneiro do 2013, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Rexeitar a folla de valoración da parcela 347 A-B-C do proxecto expropiatorio para a ampliación da Cidade Universitaria de Vigo (1ª fase) formulada pola CMVMC de Zamáns, por importe de 1.969.789,82 euros.

Segundo.- Aprobar como folla de aprecio municipal da parcela 347 A-B-C a valoración efectuada pola arquitecta municipal Xefa de Planeamento e Xestión no seu informe de 04.12.2012, que se fixa en 186.315,12 euros, incluíndo o 5% do premio de afección.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo á CMVMC de Zamáns, xunto coa folla de aprecio municipal, dándolle trámite por 10 días a fin de que exprese se acepta a valoración municipal, con indicación de que o seu rexeitamento dará lugar á remisión do expediente ao Xurado de Expropiación para a determinación do prezo xusto en vía administrativa.

**23(66)- PLAN PARCIAL S-34-R FALCOA. APROBACIÓN DEFINITIVA. EXPTE. 11485/411.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 29-01-13, da técnica de Admon. Xeral, conformado pola xefa da oficina de Planeamento e Xestión e así mesmo pola xerente de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Desestimar íntegramente, de acordo cos fundamentos do informe proposta supra transcrito, as seguintes alegacións: nº. 1 presentada por D. Jesús Manuel Vega Lage (doc.120022593); nº.2 presentada por D<sup>a</sup>. Rosa París Crispín (doc. 120024117); nº. 4 (doc. 120026532) presentada por D. Lisardo Magdalena Silveira; nº. 7 presentada por D<sup>a</sup>. Paula Fernández Alonso (doc.120026956), a través de seu representante D. José Angel Hermida Fernández; nº. 10 presentada por D. José Fernando Serodio Caride (doc.120030153); nº. 11 presentada por D<sup>a</sup>. Carmen Rial Sacco (doc. 120034148); nº. 14 presentada por D. Olimpio González Araujo e D<sup>a</sup>. Olga Alonso Méndez (doc. 120038171), a través do seu representante D. Eulogio P. Abeleira Cabaleiro; e nº.16 presentada extemporaneamente por D. Manuel Barja Bande en nome de EXTRACO, Construcións e Proxectos, S.A. (doc. 120078863).

Segundo.- Estimar parcialmente a alegación nº. 3 presentada por D. Enrique Agulla Abalde (doc.120026532) no senso de incluír ao alegante na relación de propietarios; nº. 8 presentada por D. Manuel Villar González (doc.120028658) no senso de incluír ao alegante na relación de propietarios; nº.9 presentada por D. Camilo Alonso Alonso (doc. 120028795) no senso de incluír ao alegante na relación de propietarios; nº.13 presentada pola Asociación de Veciños "Monte da Mina" Castrelos, a través do seu representante D. Juan Freiría Barros (doc. 120036994) e nº.15 (doc.120052430) presentada por DOURO ATLÁNTICO S.L., a través do seu representante D. Javier Alonso López, de acordo cos fundamentos e alcance reflectidos no informe proposta supra transcrito.

Terceiro.- Estimar as alegacións nº. 5 presentada por D. Juan Alonso Gómez (doc.120026560); nº. 6 presentada por D<sup>a</sup>. Margarita Pacheco Gándara (doc.120026698) e nº. 12 presentada por D<sup>a</sup>. Elvira Domínguez Caride (doc. 120035770) , de acordo co informe proposta supra transcrito.

Cuarto.- Aprobar definitivamente o «Plan Parcial S-34-R Falcoa», redatado a iniciativa municipal, por PETTRA, S.L. e conformado pola documentación nomeada "*PLAN PARCIAL DO SECTOR DE SOLO URBANIZABLE S-34-R FALCOA. CONCELLO DE VIGO. DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA*" versión datada en outubro de 2012 e redactada polos arquitectos D.Xabier Rivas Barros, D.Antonio Iglesias Álvaro-Gracia e César Álvarez Arines (exp. 11485/411).

Quinto.- Dar traslado do presente acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas xunto con copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con todos os planos e documentos que o integran sobre os que recae a presente aprobación definitiva, debidamente dilixenciados polo Secretario do Concello, facendo constar este extremo.

Sexto.- Ordear a publicación do presente acordo no DOG, en cuxo anuncio farase mención á remisión á CMATI da documentación referida no apartado quinto presente acordo e, así mesmo, publicar no BOP de Pontevedra o documento que conteña a normativa e ordenanzas.

Sétimo.- Ordear a publicación do presente acordo xunto coa ordenación definitivamente aprobada, na páxina web do Concello.

Oitavo.- Notificar o presente acordo aos alegantes, significándolles que os instrumentos de planeamento teñen natureza de disposición xeral polo que, contra o mesmo, poderase interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses dende a súa notificación perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sen prexuízo do exercicio das accións que estimen convenientes.

**24(67).- ANULACIÓN ACORDO XGL DO 28-12-12 E DEVOLUCIÓN DE FIANZA A REFORMAS FONVILA. EXPTE. 67978/250**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e obras de data 25-01-13, conformada polo concelleiro-delegado de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

**Proceder á anulación do acordo da Xunta de Goberno Local de data , 28/12/2012, no que se acordaba a devolución da fianza a favor de Alberto Lago Araújo, e proceder á devolución da fianza de 15,00 € (quinze euros) a favor de Reformas Fonvila.**

**25(68).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.